



RESOLUCIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR EN VIGO POLA QUE SE FAI PÚBLICA A RELACIÓN DEFINITIVA DAS EMBARCACIÓNS SELECCIONADAS E NON SELECCIONADAS PARA O OUTORGAMENTO DO PERMISO DE EXPLOTACIÓN DE RECURSOS ESPECÍFICOS NA MODALIDADE DE ALGAS A MERGULLO NO PLAN DE XESTIÓN DA CONFRARÍA DA GUARDA.

ANTECEDENTES

1. Por Resolución da Xefatura Territorial de Vigo publicada o 10 de setembro de 2019, convocouse o proceso selectivo para a obtención do permiso de explotación para recursos específicos na modalidade de algas a mergullo, para a incorporación de tres (3) embarcacións con dúas (2) habilitacións por cada embarcación, no plan de xestión da Confraría de Pescadores da Guarda.
2. Rematado o prazo de presentación das solicitudes constátase que se presentaron seis solicitudes ao proceso selectivo.
3. Por Resolución do 28 de xaneiro de 2020 faise pública a relación provisional das embarcación admitidas.
4. Tres armadores presentaron alegacións ás puntuacións publicadas na relación provisional:
 - Corrixíse a puntuación total do buque VIRGEN DEL MAR (9,15 pts).
 - Corrixíse a puntuación do buque ANCORA TRES no apartado 6 (0,10 pts).
 - Modifícase a puntuación no apartado “Antigüidade no porto base” da embarcación TARITA M (0 pts), por non ser o mesmo armador durante os dous anos anteriores á convocatoria.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. O artigo 42º da Lei 11/2008, de 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, establece que: “A explotación das distintas especies de recursos específicos realizárase por modalidades. Esta requirirá estar en posesión das correspondentes habilitacións previstas no artigo 39º desta lei e participar nun plan de xestión”.
2. A Orde do 20 de decembro de 2018 pola que se aproban os plans de xestión para recursos específicos en Galicia para o ano 2019, autoriza o plan para a extracción de algas a mergullo dende embarcación presentado pola Confraría de Pescadores da Guarda.
3. A Resolución do 4 de maio de 2016 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro (DOG nº 91 do 13/06/2016) establece o baremo para acceder as modalidades de recursos específicos no permiso de explotación.





XUNTA DE GALICIA

DELEGACION TERRITORIAL DE VIGO
Xefatura Territorial da Consellería do Mar

Servizo de Recursos Mariños
R/.Concepción Arenal, 8, 4ª planta
36201 – Vigo
Tfno.: 986 817 125 Fax: 986 817 030
sección.pesca.vigo@xunta.gal

4. A Xefatura Territorial da Consellería do Mar en Vigo é competente para ditar as resolucións deste proceso selectivo segundo establece o artigo 52 da Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

De acordo con todo o indicado, **RESOLVO:**

1. Aprobar a relación definitiva das embarcacións seleccionadas e non seleccionadas para o outorgamento tres (3) novos permisos de explotación (con dúas habilitacións cada un), para o recurso específico de algas a mergullo, no plan de xestión da Confraría da Guarda (Anexo I).

2. Abrir un prazo de quince (15) días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación desta resolución, para que as persoas armadoras das embarcacións seleccionadas presenten a seguinte documentación para a obtención da modalidade e a asignación final de cotas á embarcación:

- a) Rol de despachos actualizado da embarcación coa dotación de tripulación enrolada.
- b) Certificacións profesionais que correspondan ás persoas tripulantes enroladas, agás no suposto de autorización expresa por parte das persoas tripulantes á Consellería do Mar para a consulta das certificacións profesionais expedidas pola Consellería do Mar. A autorización expresa para a consulta destes datos realizarase empregando o anexo X da *Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia*, DOG nº 13, do 21/01/2016).
- c) No caso de embarcacións que posúan cinco (5) artes ou modalidades no seu permiso de explotación, a renuncia a algunha delas.

Se a documentación non se presenta no prazo establecido, entenderase que desisten da súa solicitude.

Está resolución estará exposta na páxina web <http://www.mar.xunta.gal> e con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios da Xefatura Comarcal de Pontevedra, da Xefatura Comarcal de Vilagarcía e da Confraría de Pescadores correspondente.

Contra esta resolución que non pon fin a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Conselleira do Mar no prazo de un mes, a contar dende o día seguinte ao de publicación desta resolución, segundo o previsto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE núm.236, do 2 de outubro de 2015).

A xefa territorial
Sonia Lorenzo Santos





XUNTA DE GALICIA

DELEGACION TERRITORIAL DE VIGO
Xefatura Territorial da Consellería do Mar

Servizo de Recursos Mariños
R/.Concepción Arenal, 8, 4ª planta
36201 – Vigo
Tfno.: 986 817 125 Fax: 986 817 030
sección.pesca.vigo@xunta.gal

galicia

ANEXO I

Proceso selectivo novos permex recursos específicos a flote: algas
Confraría da Guarda

EMBARCACIÓNS SELECCIONADAS									
NOME DA EMBARCACIÓN	MATRÍCULA E FOLIO	1. EXPERIENCIA PROFESIONAL DO ARMADOR	2. HABITUALIDADE DA ACTIVIDADE PESQUEIRA	3. ANTIGÜIDADE DA EMBARCACIÓN PORTO BASE	4. Nº DE ARTES	5. FORMACIÓN (max. 3 puntos)		6. TER PERSOAS ENROLADAS DO XÉNERO FEMININO	TOTAL
						Actividades de formación	Titulación académica		
VIRGEN DEL MAR	3ªVI6 3236	3	2,5	3	0,5	0	0,15	0	9,15
VALDERRUS	3ªVI7 4-13	0	2,5	3	0	0,72	1,15	0	7,37
ANCORA TRES	3ªVI7 17-97	0	2,5	3	0	0	1,15	0,10	6,75

EMBARCACIÓNS NON SELECCIONADAS									
POLVORA	3ªVI7 3398	0	0	3	0,5	0	0	0	3,50
ERICA SEGUNDA	3ªVI7 23-98	0	2,5	0	0	0	0,25	0	2,75
TARITA M	3ªVI7 8-06	0	0	0	0	0	0,15	0,20	0,35

